

## Información ás familias sobre confinamentos do alumnado.

Este documento recolle como se levarán a cabo as clases na aula do seu/súa fillo/a nos seguintes casos:

- Confinamento ou peche da aula na súa totalidade
- Peche total do centro
- Confinamento dun ou varios/as alumnos/as na aula

Tanto o peche dunha ou varias aulas, o peche do centro ou confinamento de alumnado dunha aula, é unha decisión que adoptan as Autoridades Sanitarias, non a dirección do centro.

Tamén se recolle aquí como se comunicará coa familia o centro e o profesorado que imparte clase na aula.

Despois de tomada a decisión do peche da aula ou do centro, aplicarase o chamado Plan de Continxencia ( está publicada na web do colexio [www.colecarino.net](http://www.colecarino.net) a súa última actualización)

### 1.- Comunicación co centro e a persoa titora.

- Cando a familia necesite comunicarse coa directora do centro farase a través do teléfono 881880334 ou do correo [ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal](mailto:ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal)
- As canles de comunicación da titora coas familias virán sendo as que tiñamos no anterior confinamento. Servirán para: comunicar avisos, dar as explicacións que se soliciten, resolver as dúbidas e apoiar, se fose necesario, dar pautas para a realización das actividades, etc Serían : o correo electrónico, Abalar móbil e o teléfono ( chamadas telefónicas e mensaxes de whatsapp).

### 2.- Planificación docente para o ensino non presencial.

O que a continuación se detalla sería o modo de traballo dos distintos docentes para atender ao seu alumnado no caso de confinamento, por suposto, estando abertos a calquera cambio ou suxestión de traballo co fin de unificar criterios e evitar molestias e complicacións a alumnos, pais e profesores.

Área	Procedemento de traballo.
<b>Lingua Galega</b> <b>Lingua castelá</b> <b>Matemáticas</b> <b>CC Sociais</b> <b>CC Naturais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Seguirase o horario espello establecido para traballar nos fogares, polo que se debe ter sempre visible.</li><li>• Traballaranse os contidos previamente explicados ou aqueles que necesiten ser reforzados. Subiranse ficheiros con explicacións moi visibles e fáciles de entender, con exemplos clarificadores para que se apoiem en eles e poidan entender mellor, con resumos das unidades e exercicios para poder traballar os contidos das unidades. Normalmente tamén se farán suxestión da visualización e escoita</li></ul>

	<p>de vídeos relacionados cos temas de estudo. So con premer na dirección de URL xa poderán acceder ao vídeo elixido.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os diversos materiais que se suben na aula virtual deben ser realizados ou resoltos cando a mestra indique que tarefas realizar e cando realízasas. Prégase ter en conta isto. Dende a flexibilidade, marcarase o tempo que deben de empregar para a realización das tarefas. Poñerase a data para que quede reflexado ao lado da tarefa para que quede máis claro.</li> <li>• Recompilarase material impreso para aquel alumnado que non teña acceso a este recurso (Aula Virtual) e buscarase a forma de facerllo chegar.</li> </ul>
<p><b>Inglés</b></p>	<p>O modo de traballar na área de inglés en caso de confinamento dunha aula ou do centro sería o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballarase principalmente mediante a Aula Virtual do centro.</li> <li>• Publicaranse tarefas semanais para as que o alumnado terá que proporcionar unha resposta (realizar exercicios no libros ou no caderno, fichas interactivas, elaborar e subir documentos de texto ou doutro tipo, etc).</li> <li>• En caso de que haxa algún alumno sen posibilidade de acceder a internet desde o seu domicilio o lóxico sería unificar a forma de entregar e acceder ás tarefas entre todas as áreas do grupo. Como alternativas vexo as seguintes: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tamén semanalmente, recoller e entregar as tarefas e documentos nunha unidade de memoria.</li> <li>2. Segun o tipo de tarefa que se lle pida en cada caso ao alumno, ésta poderíase recibir e entregar por medio do correo electrónico.</li> </ol> </li> </ul>
<p><b>Educación Física</b></p>	<p>O traballo publícase na aula virtual por quincenas. Existen tres apartados: un espazo para a lectura e a visualización de vídeos, as tarefas para realizar durante esa quincena, e unha proposta de actividade física.</p> <p>A comunicación co mestre para as consultas e resolución de dúbidas será mediante foros e a mensaxería. O alumnado poderá ser convocado a videoconferencias.</p>

	<p>En caso de confinamentos breves e co alumnado con dificultades para a conexión utilizarase unha libreta para a realización das tarefas. Esta libreta debe ser entregada ao incorporarse de novo ao centro para a revisión.</p>
<b>Música</b>	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da aula virtual/Edixgal, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse á aula virtual, envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
<b>Plástica</b>	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual/Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da aula virtual/Edixgal, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse á aula virtual, envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
<b>Relixión</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O traballo para facer publicarase na aula virtual de forma semanal.</li> <li>• A entrega de traballos farase a través de correo electrónico, mensaxería ou a través da aula virtual.</li> <li>• No caso de familias con dificultades tecnolóxicas poderase enviar o traballo ao correo electrónico das familias ( se o solicitan).</li> <li>• O contacto coas familias terá lugar a través de Abalar Móbil, correo electrónico e do teléfono.</li> </ul>

<b>Robótica</b>	<p>O espazo de traballo será a aula virtual. No curso de Robótica. Por quincenas se fará unha proposta de reto para o alumnado que debe resolver en Scratch e publicar no foro do curso. O foro e a mensaxería serán os instrumentos para resolver dúbidas e poñerse en contacto co mestre.</p>
<b>DO Pedagogía Terapéutica Audición e Linguaxe</b>	<p>As indicacións de DO, PT e AL no caso de peche da aula ou do centro serían as seguintes:</p> <p><u>ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE DURANTE PERIODOS DE PE-CHE DE AULA OU CENTRO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Queda habilitado un curso xeral (Departamento de Orientación), aberto para familias, profesorado e alumnado, que actuará como banco de recursos.</li> <li>• O alumnado está matriculada na Aula Virtual do seu curso, así coma nun curso específico (titulado “AULA 9”) para a súa atención por parte dos especialistas do departamento de orientación (orientadora, PT e AL). As actuacións para a programación de actividades e tarefas para o fogar serán:</li> <li>• Subiranse diversos materiais na aula virtual secuenciados para a súa realización dende o fogar.</li> <li>• Tamén se recompilará material impreso necesario para que a alumna poida progresar no seu aprendizaxe na súa casa, na mesma liña na que se facía no colexio.</li> <li>• Temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades da alumna e o tempo que vaia permanecer no fogar.</li> <li>• Daranse pautas ás familias para traballar coa nena.</li> <li>• Proporanse outras actividades de tipo manipulativo ou sensorial para facer na casa tendo en conta os materiais presentes neste contexto.</li> <li>• O contacto con ela e a súa familia levarase a cabo deste xeito:</li> <li>• Realizaranse chamadas e videochamadas periódicas á familia para resolver as súas dúbidas e apoiar a realización das actividades.</li> <li>• Establecerase un tempo semanal para poñerse en contacto co Departamento de Orientación (orientadora, PT e AL).</li> </ul>

- O horario espello de atención telemática ás familias por parte da orientadora será os martes á hora que se conveña a reunión. O de PT e AL queda
- distribuído da seguinte maneira para o alumno en cuestión:

HORARIO PT HORARIO AL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-10:45					
10:45-11:30	4º (media sesión)				4º
11:30-12:15				4º	
12:15-13:00		4º	4º		

### **.2.1.- Equipamento necesario para o seguimento das clases a distancia.**

- O equipamento necesario para acceder aos materiais proporcionados a través da aula virtual sería un ordenador persoal e dispoñer de wifi ou datos móbiles.

### **.2.2.- Solicitud de equipamento.**

- Cando se peche a aula ou o centro, o/a titor/a poñerá en contacto coa dirección do centro para indicarlle que alumnado da aula non ten equipo informático ou acceso a internet. A dirección enviará a lista co nome e apelidos deste alumnado á Inspección Educativa, dando prioridade as necesidades. A Inspección enviará esta información aos Servizos Centrais da Consellería de Educación para facilitar os equipos de xeito inmediato. Cando os equipos cheguen ao centro organizarase a entrega ás familias e posterior recollida. Despois de ter os equipos repartidos o/a titor/a fará unha reunión virtual, nun horario consensuado coas familias, para resolver dúbidas e facer un repaso do funcionamento da aula virtual.

## **3.- 3.- Horarios.**

### **.3.1.- Confinamento dun alumno./Confinamento do grupo**

Para a atención a distancia do grupo confinado seguirase o horario de docencia ordinaria. Debido a que o profesorado ten que continuar a súa labor docente cos outros grupos non é posible a creación dun horario específico para o ensino non presencial. Teranse en conta a situación do alumnado e as propostas das familias co fin de modificar os tramos horarios sempre que sexa compatible cos horarios ordinarios e a resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de

horarios para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aula ou centros como consecuencia da pandemia de COVID-19.

Para 4º nivel establécese a carga lectiva de cada área segundo a seguinte táboa:

	<b>Cuarto</b>
Matemáticas	4
Lingua Castelá	3
Lingua Galega	3
L. Castelá/L. Galega (*)	
CCSS	1
C. Natureza	1
CCSS/CN (*)	
Inglés	2
Relixión/valores	1
Educación Física	1
Música	1
Plástica	1
Robótica/Reforzo E.	1
Titoría alumnado	1
Número de sesións	20

### .3.2.- Peche do centro.

<b>4ºA</b>						
	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>	
<b>10:00</b> <b>10:45</b>	Matemáticas Deli L.	Matemáticas Deli L.	Matemáticas Deli L.	Lingua Deli L.	Cast	Matemáticas Deli L.
<b>10:45</b> <b>11:30</b>	Lingua Deli L.	Cast Fran Reforzo Deli L.	M. Titoría Deli L.	Ciencias Deli L.	Soc	Lingua Deli L.
						Gal

11:30	Relixión Manuel S.	Inglés	Música	Lingua Gal	Inglés
12:15	Valores Deli L.	Jesús O.	Marta D.	Deli L.	Jesús O.
12:15	EF	Lingua Gal	Lingua Cast	Plástica	Ciencias Nat
13:00	Fran M.	Deli L.	Deli L.	Marta D.	Deli L.

### **.3.3.-Titoría co alumnado.**

- Os medios e recursos que se utilizarán serán, sobre todo, a aula virtual onde se irán subindo diferentes tipos de tarefas: ficheiros, actividades interactivas, vídeos,... Tamén se deberán ter en conta as suxestión de canais de youtube para completar explicacións e así favorecer a comprensión de contidos novos ou pouco traballados, así como os libros de texto, que xa están nas casa, tamén serán unha ferramenta para ler, comprender e realizar actividades das unidades, para reforzar o traballado nelas.
- A aula virtual xa está preparada cos diferentes cursos, un para cada área e ademais un, a maiores, que se utilizará para subir actividades non relacionadas directamente coas áreas.
- As canles de comunicación co alumnado, que teña medios para facelo, será a aula virtual a través dos foros e cando se poida por medio de videoconferencias.
- Todo o alumnado está matriculado nos cursos da aula virtual. Todos/as teñen a súa contrasinal e saben acceder a ela sen ningún problema.
- Aquel alumnado que non teña recursos como pode ser o acceso a internet, ordenador, traballará cos libros de texto e fichas que se lle achegarán ao seu fogar. Haberá comunicación telefónica coas familia.

### **.3.4.-Titoría coas familias.**

**.3.5.- Establécese unha hora pola tarde os martes(de 16 :00 a 17:00) para as titorías, sabendo as familias que poden comunicarse coa titora cando lles sexa posible e lles veña mellor. Simplemente se roga previo aviso para acordar o día e a hora.**

## **4.- Procedemento de avaliación para o ensino non presencial.**

O alumnado durante o tempo de confinamento ou corentena, se a súa situación persoal o permite, ten a obriga de continuar o seu traballo segundo o seu horario e planificación que determina o profesorado neste documento. Para a avaliación do alumnado terase en conta a asistencia e a participación nas actividades educativas que propoña o profesorado e o ditado na Resolución do 18 novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Real Decreto lei 31/2020, do 29 de setembro polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria. Publicada pola Consellería de Educación no DOG do 25 de novembro de 2020.

Débese ter en conta que é fundamental, para que a mestra leve a cabo a súa labor

con maior rigor e eficacia, ter un coñecemento o máis profundo posible do nivel académico dos/as alumnos/as nas diferentes materias polo que se debe facer o seguimento o máis aproximado posible para poder verificar o avance do alumnado. Para iso:

- Revisarase o traballo que van facendo nos fogares
- Aplicaranse probas para avaliar as competencias básicas das distintas áreas que serán presentadas a través da Aula virtual nun curso creado para tal fin.
- Valorarase o traballo realizado e o cumprimento do mesmo
- Farase un análise da produción de traballos que o alumnado entregue.
- Procurarase facer intercambios orais cos/as alumnos/as.
- Realización de probas específicas.
- Realización de cuestionarios, abertos ou pechados ,para ver a adquisición de coñecementos adquiridos polo alumnado.
- O portfolio, que sería a valoración da achega de producións de diferente índole por parte do alumno/a a través das cales poderemos xulgar as súas capacidades no marco da materia de estudo.

## **5.- Normas de organización e funcionamento para o ensino a distancia.**

- En primeiro lugar, debemos ter en conta que os **dereitos e deberes** para o alumnado e profesorado seguirán sendo os mesmos.
- En canto ao resto de normas, en xeral, serán as mesmas. Os cambios, debido á nova situación de peche, están recollidos no Plan de Continxencia citado anteriormente.
- Principalmente deberemos ter en conta que será considerada como **aula**, a todos os efectos, a **aula virtual**.